

# EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE SEN IGUALDADE DE XÉNERO?



Presidenta da Deputación de Pontevedra

María del Carmen Silva Rego

Coordinación:

María M. Álvarez Lires

Autoría:

María A. Lorenzo Rial

María M. Álvarez Lires

F. Xabier Álvarez Lires

Deseño:

Dubidú Estudio Gráfico

Ilustracións:

Alba Rego Pernas

Dirección técnica:

Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra

Edita

Deputación de Pontevedra

ISBN: 978-84-8457-497-2

Impresión:

Gráficas Anduriña S.C.G.

Depósito Legal: PO 329-2020

Correo electrónico: [marenfeminino@gmail.com](mailto:marenfeminino@gmail.com)

Esta proposta pertence ao conxunto de recursos didácticos gardados nesta maleta, que abordan seis temáticas diferentes e complementarias.

É posible adaptar os seus contidos ás diferentes etapas educativas, mesmo á de educación infantil.

O profesorado, segundo o seu criterio, ten a posibilidade de levar á aula algunha ou todas as actividades propostas, que se complementan cos contidos da web *Sustentabilidade en feminino*.

[www.marenfeminino.campusdomar.gal](http://www.marenfeminino.campusdomar.gal)



Como xa se mencionou anteriormente, o Cambio Ambiental Global xa está connosco e é preciso adaptarse a el e mitigalo. Os océanos están afectados polos fenómenos de cambio climático e acidificación oceánica, así como pola contaminación e a sobrepesca (ver proposta “Océanos en perigo!”). A especie humana é a causante desta situación.

Neste contexto xorde con forza a necesidade de protexer os océanos, pois como di a oceanógrafa Silvia Earle, “Sen océanos non hai vida. Sen azul non hai verde. Sen océanos nos existiríamos”.

Parafraseando a Elisaberh Mann: “Se queremos salvarnos, temos que salvar os océanos”.

Mais as preocupacións medioambientais veñen de lonxe. No que respecta ao século XX, tras a denominada crise do petróleo de 1979, xorde unha preocupación polo esgotamento dos recursos do planeta Terra e a Organización das Nacións Unidas (ONU) pon en marcha unha comisión mundial sobre desenvolvemento e medioambiente para estudar a situación. Irrompe, así, a idea de desenvolvemento sustentable.

Aínda que o século XX se caracterizou por un crecemento económico sen precedentes, a pobreza e as desigualdades están a afectarlles a moitas persoas, e en especial a aquelas que xa están nunha situación de vulnerabilidade. Os conflitos armados poñen de manifesto a necesidade de promover a paz. A crise económica e financeira mundial agocha un modelo de desenvolvemento económico insostible e

inxusto, baseado na obtención de beneficios a curto prazo. A crise alimentaria e a fame no mundo constitúen un problema cada vez máis grave. As pautas insostibles de produción e consumo están a ter importantes repercusións ecolóxicas, que poñen en perigo a sustentabilidade da vida no planeta.

Durante a Conferencia Mundial da UNESCO sobre a Educación para o Desenvolvemento Sustentable, Ban Ki-Moon, secretario xeral das Nacións Unidas, destacou:

“A sustentabilidade é a única maneira que temos de protexer os nosos valiosos clima e planeta; non hai plan B, xa que non hai planeta B”. UNESCO, 2014.

Ademais, na Declaración de Bonn da “Conferencia Mundial sobre Educación para un desenvolvemento Sustentable” de ONU-UNESCO, afirmase o seguinte:

“A igualdade entre homes e mulleres, con especial atención á participación na educación de nenas e mulleres, é un elemento decisivo para propiciar o desenvolvemento e a sustentabilidade”. Declaración de Bonn, 2009.

## Que se entende por desenvolvemento sustentable?

A Comisión Mundial sobre Desenvolvemento e Medioambiente (ONU 1983-1987), presidida pola que fora primeira ministra norueguesa e, máis

tarde, directora da Organización Mundial para a Saúde, Grö Harlem Bruntland, elaborou o informe O noso futuro común e acuñou o termo desenvolvemento sustentable (DS):



“Un proceso de cambio no que a explotación dos recursos, a dirección dos investimentos e a orientación do cambio tecnolóxico e institucional, están en harmonía e aumentan o potencial actual e futuro para atender as necesidades e as aspiracións humanas; todo iso significa que o desenvolvemento do ser humano debe facerse de xeito compatible cos procesos ecolóxicos que sustentan o funcionamento da biosfera”.

## Pero, é posible alcanzar o DS sen cambiar o modelo de desenvolvemento baseado nun crecemento ilimitado?

Os efectos antropoxénicos sobre o Sistema Terra son innegables e precísanse accións urxentes que contribúan á sustentabilidade, tanto desde o punto de vista científico experimental como educativo, político e económico, tal como establece a Convención Marco sobre o Cambio Climático de Nacións Unidas (2015). O Acordo de 2018 comprométese a seguir co Acordo de París, pero rebaixa as esixencias de 2015.

Para que a educación exerza o seu papel na procura do DS debe promover a innovación e a equidade; a igualdade de xénero ten que ser un elemento sempre presente. Neste sentido, estableceuse o Índice de Xénero e Medioambiente (EGI, IUCN, 2013), e a ONU, na Década da Educación para





o DS (2005-2014) e nos programas para o desenvolvemento (PNUD), facía explícitas as relacións entre ciencia-técnica-educación-sustentabilidade e xénero.

O interese pola Educación para a Sustentabilidade (EpS) aumentou notablemente, pero esta e a Educación Científica (EC) permanecen separadas e os plans de estudos universitarios europeos elaboráronse desde as disciplinas tradicionais, nas que a historia da ciencia e da técnica está practicamente ausente e a perspectiva de xénero é inexistente.

Para saber máis:

- [Biografía de Gro Harlem Brundtland](#), Organización Mundial da Saúde (OMS).
- Informe [Nuestro futuro en común ou Informe Brundtland](#) (en Español). ONU, 1987.
- [Convenio marco sobre o Cambio Climático](#), ONU, 2015.
- [Índice de Xénero e Medioambiente: Hacer las promesas realidad: la igualdad de género en la Agenda 2030 para el desarrollo sostenible](#). ONU Mulleres, 2018.
- [Conferencia Mundial de la UNESCO sobre la Educación para el Desarrollo Sostenible: Informe de la Conferencia elaborado por la Relatora General](#). UNESCO, 2015.
- [Declaración de Bonn](#). UNESCO, 2009.

## Que é a Axenda 2030?

A Axenda do 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, adoptada en setembro de 2015, aborda unha ampla variedade de desafíos globais: pretende erradicar a pobreza, reducir múltiples desigualdades cruzadas, abordar o cambio climático, contribuír á conservación do medio mariño, acabar cos conflitos e manter a paz.

Grazas aos esforzos incansables de entidades que defenden os dereitos das mulleres en todo o mundo, o compromiso da igualdade de xénero na Axenda 2030 é notable, amplo e transversal, porque se basea en compromisos e normas contidas na Declaración e na Plataforma de Acción e da Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra as Mulleres (CEDAW). Non hai lugar para as dúbidas: o desenvolvemento só será sustentable se os seus beneficios favorecen as mulleres e os homes; os dereitos das mulleres só se farán realidade se son parte dun esforzo máis amplo para protexer o planeta e garantir que todas as persoas poidan vivir con respecto e dignidade.

### Obxectivo 14: Vida submarina

Os océanos do mundo, a súa temperatura, composición química, correntes e vida son o motor dos sistemas globais que fan que a Terra sexa un lugar habitable para os seres humanos e para o conxunto de seres vivos que nela habitan. A forma en que xestiona-



Fonte: <https://www.cultura.gal/es/evento/58356/161/65963>

mos este recurso vital é fundamental para a humanidade e para contrarrestar os efectos do cambio climático.

Os medios de vida de máis de 3.000 millóns de persoas dependen da biodiversidade mariña e costeira. Con todo, o 30 % das poboacións de peixes do mundo está sobreexplotado, e alcanzan un nivel moi por baixo do necesario para producir un rendemento sostible.

Os océanos tamén absorben ao redor do 30 % do dióxido de carbono, xerado polas actividades humanas, e rexistrouse un 26 % de aumento na acidificación dos mares desde o inicio da Revolución Industrial. A contaminación mariña, que provén na súa maior parte de fontes terrestres, chegou a ni-

veis alarmantes: por cada quilómetro cadrado de océano hai unha media de 13.000 anacos de desfeitos plásticos.

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable xeran un marco para ordenar e protexer de xeito sustentable os ecosistemas mariños e costeiros da contaminación terrestre, así como para abordar os impactos da acidificación dos océanos. Mellorar a conservación e o uso sustentable dos recursos oceánicos a través do dereito internacional tamén axudará a mitigar algúns dos retos que afrontan os océanos.

En cifras:

**75 %**

O océano cobre tres cuartas partes da superficie da Terra e representa o 90 % do espazo vital do planeta en volume

**200.000**

O océano contén case 200.000 especies identificadas, pero as cifras reais poden ser de millóns

**40 %**

Ata un 40 % do océano vese moi afectado pola contaminación, as capturas de peixe esgotadas, a perda de hábitats costeiros e outras actividades humanas

**30 %**

O océano absorbe ao redor do 30 % do dióxido de carbono producido polos seres humanos, amortecendo os impactos do quecemento global

**3 mil millóns**

Máis de 3.000 millóns de persoas dependen da biodiversidade mariña e costeira para o seu sustento

**3 mil millóns de dólares**

A nivel global, o valor de mercado dos recursos e industrias mariñas e costeiras estímase en 3 millóns de dólares ao ano, ao redor do 5 % do PIB mundial

Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, ONU 2015.

## **Obxectivo 5: Igualdade de xénero**

Poñer fin a todas as formas de discriminación contra as mulleres e nenas non é só un dereito humano básico, senón que ademais é crucial para acelerar o desenvolvemento sustentable. Demostrouse, unha e outra vez, que apoderar as mulleres e nenas ten un efecto multiplicador e axuda a promover o crecemento económico e o desenvolvemento a nivel mundial.

Desde 2000, a igualdade de xénero é un aspecto primordial do labor do PNUD, das súas alianzas, da ONU e do resto da comunidade global, e rexistráronse algúns avances extraordi-

narios. Hoxe asisten á escola máis nenas que hai 15 anos e na maioría das rexións logrouse a paridade de xénero en educación primaria. Ademais, as mulleres constitúen hoxe o 41 % da forza laboral remunerada non agrícola, en comparación co 35 % de 1990.

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable apoiaranse nestes logros para garantir a fin da discriminación de mulleres e nenas en todo o mundo. Con todo, nalgunhas rexións aínda existen grandes desigualdades no mercado do traballo, onde a algunhas mulleres se lles negou sistematicamente o acceso igualitario ao emprego. Os obstáculos máis difíciles de superar e



que aínda persisten son a violencia e a explotación sexual, a división desigual do traballo non remunerado —tanto doméstico coma no coidado doutras persoas— e a discriminación na toma de decisións no ámbito público.

Garantir o acceso universal á saúde reprodutiva e sexual e outorgarlle á muller dereitos igualitarios no acceso a recursos económicos, coma terras e

propiedades, son metas fundamentais para conseguir este obxectivo. Hoxe, máis mulleres que nunca ocupan cargos públicos, pero alentarlle a máis para que se convertan en persoas líderes en todas as rexións axudará a fortalecer as políticas e as leis orientadas a lograr unha maior igualdade entre os sexos.

En cifras:

### **77 centavos**

A nivel mundial, as mulleres gañan só 77 centavos por cada dólar que gañan os homes facendo o mesmo traballo

### **7 de cada 10**

Ata 7 de cada 10 mulleres en todo o mundo experimentan violencia física ou sexual nalgún momento da súa vida

### **20 %**

Menos do 20 % das persoas propietarias de terras do mundo son mulleres

### **750 millóns**

En todo o mundo case 750 millóns de mulleres e pícaras casaron antes de facer 18 anos

### **2 de cada 3**

Dous terzos dos países do mundo en desenvolvemento alcanzaron a paridade de xénero na educación primaria

### **22.8 %**

Só o 22.8 % de todas as persoas parlamentarias nacionais era de mulleres en xuño de 2016, fronte ao 11.3 % en 1995

Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, ONU 2015

## **Obxectivo 4: Educación de calidade**

Desde 2000 rexistrouse un enorme progreso na meta relativa á educación primaria universal. A taxa total de matrícula alcanzou o 91 % nas rexións en desenvolvemento en 2015 e a cantidade de nenas e nenos que non asisten á escola diminuíu case á metade a nivel mundial. Tamén houbo aumentos significativos nas taxas de alfabetización e máis pícaras que nunca asisten hoxe

á escola. Sen dúbida, trátase de logros notables.

Con todo, o progreso tamén foi difícil nas rexións en desenvolvemento debido aos altos niveis de pobreza, conflitos armados e outras urxencias. En Asia occidental e no norte de África os conflitos armados en curso aumentaron a proporción de nenas e nenos que non asisten á escola, o que constitúe unha tendencia preocupante.

Aínda que a África subsahariana conseguiu os avances máis notables na matriculación na escola primaria entre todas as rexións en desenvolvemento (de 52 % en 1990 ao 78 % en 2012), aínda hai grandes disparidades, especialmente entre as zonas rurais e urbanas. Pola súa banda, os nenos e as nenas dos fogares máis pobres teñen ata catro veces máis probabilidades de non asistir á escola que aquelas crianzas que proceden de familias con máis recursos.

O obxectivo de lograr unha educación inclusiva e de calidade para todas as

persoas baséase na firme convicción de que a educación é un dos motores máis poderosos e probados para garantir o desenvolvemento sustentable. Con este fin, dentro deste obxectivo búscase asegurar que todas as nenas e os nenos completen a súa educación primaria e secundaria gratuíta para 2030. Tamén se aspira a proporcionar acceso igualitario á formación técnica accesible e eliminar as disparidades de xénero e ingresos, ademais de lograr o acceso universal a unha educación superior de calidade.

En cifras:

**91 %**

A matriculación en educación primaria nos países en desenvolvemento acadou o 91 %

**57 millóns**

Aínda así, 57 millóns de nenos e nenas en idade de asistir á escola primaria permanecen fóra da escola, máis da metade desta cifra na África subsahariana

**1 de cada 4**

Nos países en desenvolvemento, unha de cada catro pícaras non asiste á escola

**50 %**

Aproximadamente a metade de todas as criaturas non escolarizadas en idade de asistir á escola primaria viven en zonas afectadas por conflitos

**103 millóns**

103 millóns de criaturas no mundo carecen de habilidades básicas de alfabetización, e máis do 60 % delas son mulleres

**6 de cada 10**

A nivel mundial, 6 de cada 10 nenas, nenos e adolescentes non conseguen un nivel de competencia mínima en lectura e matemáticas

# OS RECURSOS MARIÑOS GARANTÍA DE FUTURO



**Asegurar que todas as nenas e os nenos completen a súa educación primaria e secundaria gratuíta para 2030**

## **A perspectiva de xénero está inserida na Axenda 2030?**

Convén examinar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable desde unha perspectiva de xénero, pois aínda que estes conteñen un obxectivo específico de igualdade de xénero, ocorre que a perspectiva de xénero debe ser transversal a todos os obxectivos e plans de acción. Neste sentido, o Índice de Xénero e Ambiente elaborou unha crítica argumentada ás insuficiencias e ausencias en materia de xénero nos citados obxectivos.

A continuación trataranse os obxectivos 4, 5 e 14.

### **Obxectivo 4. Educación de calidade**

15 millóns de nenas en idade escolar nunca terán a oportunidade de aprender a ler e escribir na escola primaria, en comparación con 10 millóns de nenos.

### **Obxectivo 14. Vida submarina**

A contaminación da auga doce e dos ecosistemas mariños ten consecuencias negativas nos medios de vida das mulleres e dos homes, na súa saúde e na saúde das súas fillas e fillos (algunhas destas consecuencias aparecen mencionadas na proposta de “Océanos en perigo!”).

### **Obxectivo 5. Igualdade de xénero**

- En 18 países, os homes poden impedir legalmente que as súas mulleres traballen; en 39 países, as fillas non teñen os mesmos dereitos hereditarios que os fillos e 49 países carecen de leis que protexan as mulleres da violencia no fogar.

- O 19 % das mulleres e nenas de entre 15 e 49 anos experimentou violencia física ou sexual por parte da súa parella nos últimos 12 meses.
- Globalmente, 750 millóns de mulleres e nenas casaron antes do seu 18 aniversario e polo menos 200 millóns en 30 países sufriron mutilación xenital.
- As mulleres pasan 2,6 veces máis tempo que os homes no traballo doméstico e no coidado non remunerado.
- As mulleres ocupan só o 23,7 % dos asentos parlamentarios, un aumento de 10 puntos porcentuais desde 2000, aínda que está moi por baixo da paridade.
- Só un 52 % das mulleres casadas ou noutro tipo de unión son libres de tomar as súas propias decisións en relación coas relacións sexuais, o uso de anticonceptivos e os coidados de saúde.
- En todo o mundo, as mulleres representan só o 13 % do total de persoas que teñen terras agrícolas.
- As mulleres teñen menos probabilidades que os homes de ter un teléfono móbil e o seu uso da Internet é de 5,9 puntos porcentuais inferior ao deles.

No marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, máis de 100 países tomaron medidas para controlar as asignacións orzamentarias en favor da igualdade de xénero, o contexto no que se deben desenvolver é complexo. Aínda que a desigualdade

foi recoñecida como un impedimento clave para o desenvolvemento sostible (DS), segundo a Asemblea Xeral das Nacións Unidas (2015), a tendencia cara á concentración crecente de ingresos e riqueza foi difícil de reverter. Logo dunha interrupción temporal no período inmediatamente posterior á crise, os ingresos das persoas máis ricas, un 1 % da poboación mundial, comezaron a crecer a un ritmo moito máis elevado que o resto da poboación. Estímase que en 2016 o 1 % máis rico da poboación posuía máis do 50 % da riqueza do mundo, o que significa un aumento do 44 % desde 2009. Segundo o Banco Mundial, a desigualdade entre países é agora superior a hai 25 anos.

## Que é o Índice de Xénero e Ambiente? Por qué é importante?

Un referente mundial na vinculación entre xénero e medioambiente constitúeo a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN), que leva máis de dúas décadas traballando neste ámbito e foi a creadora do Índice de Xénero e Medioambiente (EGI) no ano 2013. O mencionado índice utilízase para analizar o impacto das medidas adoptadas polos diversos países nos seus compromisos internacionais, así como o esforzo de moitas organizacións que loitan por promover un enfoque de equidade de xénero e o apoderamento das mulleres no ámbito ambiental. Durante as dúas últimas



# As mulleres na conservación dos océanos



décadas establecéronse novos mandatos internacionais co propósito de que se teña moi en conta que a igualdade de xénero e o apoderamento das mulleres son dúas ferramentas fundamentais para a toma de decisións ambientais e o DS. Pero, a falta dun mecanismo de control e cuantificación do progreso de cada país, cada un deles contribuíu á escasa ou nula aplicación destes mandatos.

Os datos resultantes da aplicación do EGI axudarán aos gobernos de cada país e á sociedade en xeral a avaliar o seu progreso e identificar cales son as carencias no logro da igualdade de xénero contextualizada no ambiente. O EGI analiza moitos parámetros sociopolíticos coma os dereitos básicos e a participación das mulleres en políticas ambientais, o sustento, a educación, a estabilidade política do país e a conservación da biodiversidade, entre outros moitos aspectos. Ata o momento analizáronse 72 países, entre os que España ocupaba unha oitava posición (con datos de 2011) pero, desafortunadamente, o noso país descendeu substancialmente en catro anos en todos os

índices de igualdade e, en especial, nos de igualdade de xénero, tal como salientou o informe da ONU de 2015, a través do grupo de traballo sobre a cuestión da discriminación contra a muller na lexislación e na práctica, no que se afirma que as políticas de austeridade en España teñen un efecto grave e desproporcionado nas mulleres.

O Informe sobre Índice de Xénero e Ambiente sinala que a maior parte dos ODS carece de indicadores específicos de xénero. Este é o caso, por exemplo, dos obxectivos sobre auga e saneamento, industria e innovación, consumo sustentable, enerxía e medio ambiente (océanos e ecosistemas terrestres). Unha das causas que se apuntan é a imposibilidade de realizar un seguimento real dos avances en materia de igualdade, xa que isto suporía a recompilación de datos de xénero recollidos de forma periódica, algo que non existe.

Algúns exemplos de que o impacto do cambio ambiental global é diferente entre mulleres e homes son os seguintes:



## a VOZ das mulleres que teñen O MAR COMO MEDIO DE VIDA

- Algunhas das consecuencias do cambio climático están relacionadas cos grandes cambios na temperatura terrestre e nos corpos de auga, o que está a aumentar a frecuencia e intensidade dos fenómenos meteorolóxicos extremos e os desastres naturais, incluíndo secas, incendios e inundacións. O impacto disto é maior sobre as mulleres e as crianzas, xa que é 14 veces máis probable que morran durante un desastre que os homes. Os medios de vida das mulleres tamén se ven afectados polas consecuencias negativas do cambio climático, incluída a diminución do rendemento dos cultivos e bosques.
- O impacto do aumento do CO<sub>2</sub> (ver proposta “Océanos en perigo!”) nos océanos tamén está a provocar a súa acidificación, que afecta negativamente á captura de organismos mariños e, se temos en conta que a maior parte das persoas que traballan nos oficios artesanais do mar é de mulleres, estas serán as primeiras en sufrir as consecuencias.
- En todo o mundo as mulleres son as encargadas (ODS 7 e 15) da recollida e abastecemento de auga ás comunidades (ODS 6) e xogan un papel moi importante nas actividades pesqueiras de pequena escala e comercialización de alimentos de orixe mariña (ODS 14). En todas estas áreas a degradación causada polo cambio climático debido á acción do ser humano deberá ser abordada. É necesario que se tomen urxentemente medidas de mitigación para protexer a saúde e os medios de subsistencia de todas as persoas prexudicadas polo cambio climático.

Para saber máis:

[Pacto de medios “Demos o paso pola igualdade de xénero”](#). ONU Mulleres, 2018.

## ACTIVIDADES

### 1. Aprender oceanografía para saber como conservar e protexer os mares e océanos.

Para a realización desta actividade imos necesitar unha tableta (con An-

droid, Windows ou iOS) na que poder descargar a aplicación Medclíc Kids.

Medclíc Kids é unha aplicación educativa dirixida a fomentar vocacións tecnocientíficas entre nenas e nenos, desenvolvida polo Sistema de Observación e Predición Costeira das Illas Baleares (SOCIB) no marco do proxecto MEDCLIC.

Consiste nunha escena interactiva na que se propoñen enigmas, xogos de memoria e vocabulario relacionado coa oceanografía. A través dela pódense aprender aspectos das tecnoloxías mariñas que usaron, entre outras, Sylvia Earle e Ángeles Alvariño.

Na imaxe da aplicación podemos ver diferentes ferramentas de traballo das oceanógrafas, así como o barco no que viaxan e traballan.

Vídeo Ilustrativo da aplicación:

[https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=15&v=V3H9OsLqyYM](https://www.youtube.com/watch?time_continue=15&v=V3H9OsLqyYM)

Neste recurso web tamén podemos aprender que é a oceanografía e en que consiste o traballo das oceanógrafas (ver proposta sobre investigadoras mariñas): <http://medclíc.es/es/oceanografia/ciencia/>

## 2. Creación dun GIF.

Hai dúas posibilidades para realizar esta actividade:

- Recoller imaxes das propostas anteriores e crear un vídeo resumo do traballo realizado, de maneira que llelo poidamos ensinar ao resto de persoas.
- Visitar unha praia ou o traballo de mulleres vinculadas ao mar e sacar fotos que poidan mostrar algúns dos problemas aos que nos referimos.

Recursos para crear GIF:

- Aplicacións web para crear GIF animados a partir de imaxes: [Gickr](#) ou [Makeagif](#).
- Aplicacións móbiles para crear GIF animados no móbil: [Gifx](#) (para iOS) e [GIPHY CAM](#) (para Android), por exemplo.
- Ferramenta en liña para crear GIF animados a partir dun vídeo: [Bloggif](#) ou [EZGIF](#).

## 3. Pódese pensar nun desenvolvemento sustentable real e efectivo con perspectiva de xénero?

Para a realización desta actividade, imos partir da visualización e análise da conferencia de Yayo Herrero sobre ecofeminismo, dispoñible en <https://www.youtube.com/watch?v=Eq-jyslgnls>


O título da conferencia é “Axenda 2030, unha mirada desde o ecofeminismo”.

- A partir do vídeo, debes realizar unha reflexión sobre as posibilidades de contribuír á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.
- Que medidas se poden poñer en marcha no centro educativo e na casa para que esta oportunidade non quede pechada na escola.
- Redacción e presentación dunha carta no Concello para que coñezan as medidas que estades a deseñar e que ides desenvolver no marco dos ODS, así como para recordar a importancia de que a escola, as familias e as institucións colaboren e traballen conxuntamente.



**SE VOS GUSTARON AS ACTIVIDADES CONTIDAS NESTA PROPOSTA PODEDES CONSULTAR:**

- **OS OCÉANOS. O PLANETA AZUL**
- **OCÉANOS EN PERIGO**
- **REDEIRAS, SALGA E CONSERVA. UN TRABALLO DE MULLERES**
- **O MARISQUEO A PÉ. UN TRABALLO DE MULLERES**
- **INVESTIGADORAS MARIÑAS. SAÍNDO DA SOMBRA**



[www.marenfeminino.campusdomar.gal](http://www.marenfeminino.campusdomar.gal)



Escanea o  
QR para ir  
á ligazón